

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI AURELIO MARCELIO REY GARCÍA
CURSO: 4º ESO
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DATA: 11 / 05 / 20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.
B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.	LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais). LGB2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión. LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto. LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos. LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.
B2.4. Comprender e interpretar textos argumentativos.	LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos.
B2.5. Comprender e interpretar textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	LGB2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e

	artigo de opinión.
B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión)	<p>LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.</p> <p>LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente.</p> <p>LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación..</p>
B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.	LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.
B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.
B3.6. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.
B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	LGB3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.
B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar.	LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.
B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da	LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da

literatura galega de 1916 ata a actualidade.	literatura galega de 1916 ata a actualidade. LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.
B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.

1. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Terase en conta os resultados acadados nas dúas primeiras avaliacións até o 12 de marzo de 2020.- O alumnado <u>pode mellorar</u> (nunca empeorar) a súa cualificación coas actividades de repaso, reforzo e ampliación desenvolvidas no último trimestre, sempre e cando os <u>resultados das mesmas sexan satisfactorios</u> e sexan entregadas nos prazos establecidos.- O alumnado que ten avaliacións suspensas (1ª e/ou 2ª) e que non consegue acadar o cinco, pode mellorar a súa cualificación coas actividades de recuperación ademais das actividades semanais de reforzo, repaso e ampliación. Se con isto non acada o aprobado, faranse probas telemáticas. Os libros de lectura da 1ª e/ou 2ª que estean suspensos deberán tamén recuperarse. <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Actividades de repaso, reforzo e ampliación semanais da aula virtual do centro sobre contidos da 1ª e 2ª avaliación.- Actividades de recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliación da aula virtual do centro.- Probas telemáticas para o alumnado que non acade o aprobado coas actividades de recuperación e coas actividades semanais (repaso...).- Se as condicións sanitarias o permiten, faranse as probas presenciais establecidas ao comezo do curso.
Cualificación final	<p>Para acadar unha avaliación positiva a final de curso, será preciso obter unha cualificación media igual ou superior a cinco.</p> <p>A cualificación final calcularase da seguinte maneira:</p> <ul style="list-style-type: none">- Para o alumnado coas dúas avaliacións e libros de lectura aprobados de xeito presencial, a cualificación será a media da 1ª e da 2ª avaliación. Esta nota media <u>pode mellorar até 1 punto</u> grazas ás actividades semanais de reforzo, repaso e ampliación sempre e cando foran entregadas nos prazos establecidos e en función do grao de riqueza e corrección léxica e gramatical das respostas, do grao de cohesión e coherencia que presente a redacción dos textos e de que sexan traballos personalizados e creativos, cando o tipo de tarefa o requira.- Para o alumnado coa 1ª e/ou 2ª avaliación suspensas de xeito presencial, e que non consegue acadar o cinco de media, a cualificación obterase sumándolle á media resultante até 1 punto polas actividades de recuperación e até 1 punto polas actividades de repaso, reforzo e ampliación, sempre e cando foran enviadas nos prazos acordados e en función do grao de riqueza e corrección léxica e gramatical das respostas

	<p>e do grao de cohesión e coherencia que presente a redacción dos textos. Para este alumnado tamén se contempla a posibilidade de probas telemáticas se non consegue acadar o aprobado coas actividades anteriormente mencionadas.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>A proba extraordinaria de setembro será presencial se as condicións sanitarias o permiten. Nela entrarán unicamente os contidos e estándares traballados na 1ª e 2ª avaliación até o 12 de marzo de 2020.</p> <p>Para superar a proba extraordinaria de setembro, o alumnado deberá acadar unha nota igual ou superior a cinco.</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Neste curso non hai alumnado coa materia pendente.</p>

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Tarefas de repaso, reforzo, ampliación e recuperación da 1ª e 2ª avaliación e lecturas obrigatorias vistas nestes dous primeiros trimestres así como a lectura recomendada para a terceira avaliación. - Visualización de vídeos de diversa índole enfocados a reforzar aspectos lingüísticos, literarios e culturais .
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> - Todo o alumnado ten conectividade e medios informáticos para o seguimento da información en liña. - Todos os luns (ou, excepcionalmente, os martes) sóbense á aula virtual as actividades semanais de repaso, reforzo e ampliación que serán remitidas, unha vez feitas, ao correo electrónico do docente. Á súa vez, o docente enviaralle a cada alumno os comentarios oportunos ou faralle ver os erros cometidos se é necesario. Ese día tamén se soben as actividades de recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliación. As actividades de repaso, reforzo e ampliación teñen como prazo de entrega ata o venres ás 17:00 h, segundo o acordo do profesorado de ESO. En canto ás actividades de recuperación teñen un prazo de entrega maior. - A solución (ou comentarios) das actividades semanais sóbese á aula virtual na fin de semana. O docente aproveita este momento para destacar erros e resolver dúbidas que foi atopando semanalmente. - Para a resolución de dúbidas, comentarios ou necesidades educativas en xeral, o alumnado dispón do correo electrónico da profesora e/ou da hora de tutoría semanal.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Correo electrónico. - Aula virtual. - Actividades de elaboración propia. - Libro de texto e libros de lectura. - Recursos da web. - Vídeos.

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Enviárase un TokApp ás familias no que se informará da publicación deste documento na páxina web do centro. O alumnado será informado a través do seu correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.